



## Defensa da Profesión

### Accións de defensa 2018

Durante este ano o Colexio está a desenvolver unha serie de accións destinadas á defensa da profesión de biólogo:

#### Decembro 2018

**Centro Tecnolóxico del Mar - Fundación Cetmar (28 de decembro).** A convocatoria e bases específicas para a selección dunha praza de persoal para o proxecto EMODNET (Operation, Development and Maintenance of a European Marine Observation and Data Network) ignora aos licenciados e graduados en Bioloxía como titulación para participar no proceso selectivo en beneficio de Administración e Dirección de Empresas, Economía, Dereito, Ciencias Políticas, Xeografía e Historia e Humanidades. Enviamos escrito á Sra. Directora solicitando a inclusión da nosa profesión como candidatos ao posto en virtude do especificado no artigo 17º dos nosos Estatutos.

#### Novembro 2018

O CGCOB a instancia nosa presentou recurso contra a resolución do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación pola que se convocaban bolsas de formación técnica e práctica na materia de comercialización e transformación pesqueira pola non inclusión da titulación de bioloxía entre os/as destinatarios/as. O Ministerio correxiu a convocatoria incluíndo a nosa titulación. (30 de novembro)

#### Outubro 2018

**O CGCOB a instancia nosa presentou recurso (26 de outubro)** contra a resolución da Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios, por la que se convocan becas de formación de la Agencia (BOE nº 252, de 18/X/18), pola non inclusión da titulación de bioloxía entre os/as destinatarios/as.

**Obradoiros de Emprego (31 de outubro).** Enviáronse escritos á Consellería de Economía, Emprego e Industria e aos respectivos concellos en relación ás convocatorias de obradoiros de emprego da provincia de Ourense, nos concellos de : Ourense, Viana do Bolo, Xinzo de Limia, O Carballiño, Sarreaus e a Mancomunidade do Ribeiro, nas que para a praza de director e docentes dos módulos: Actividades en viveiros , xardíns e centros en xardinaría; actividades auxiliares en aproveitamentos forestais; Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e actividades auxiliares en conservación e mellora de montes non inclúen a titulación de bioloxía.

**O CGCOB a instancia nosa presentou recurso contra a resolución da Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios (29 de outubro),** por la que se convocan becas de formación de la Agencia (BOE nº 252, de 18/X/18), pola non inclusión da titulación de bioloxía entre os/as destinatarios/as.



## Defensa da Profesión

### Setembro 2018

**Deputación Provincial da Coruña (19 de setembro).** Enviouse escrito en relación á convocatoria de subvencións a concellos para a contratación de persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación. Solicitamos se inclúa a titulación de bioloxía entre os posibles técnicos a contratar cando os centros sexan de índole ambiental, mariña...

**Axencia Turismo de Galicia (19 de setembro).** Enviouse escrito en relación á convocatoria de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, solicitando se inclúa a titulación de bioloxía entre os posibles técnicos a contratar nos municipios sitios en Red Natura 2000.

**Instituto de Estudos del Territorio (03 de setembro).** Enviouse escrito de Recurso de Reposición en relación a Resolución do Instituto de Estudos do Territorio do 13 de agosto de 2018, poa que se aprobou o expediente de contratación do servizo de Redacción de dous estudos e propostas de mellora e integración paisaxística na zona de Meicende - A Grela (concellos de Arteixo e A Coruña) e na zona de Castromaior (Concello de Portomarín), pola non inclusión dos/as biólogos/as entre os profesionais redactores.

### Xullo 2018

**Concello de Laza (06 de xullo).** O concello de Laza estimou o noso recurso sobre a convocatoria de técnico medioambiental e incluíu a titulación de bioloxía entre os participantes no proceso selectivo.

### Xuño 2018

**Concello de Laza (25 de xuño).** As bases do concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente un técnico medioambiental, publicadas no BOP de Ourense nº 142, do 22 de xuño exclúen a titulación de Bioloxía. Preséntase recurso potestativo de reposición para que a Alcaldía rectifique a disposición no sentido de acoller a licenciatura ou grao en bioloxía omitida.

**(13 de xuño) O CGCOB a petición do COBGA ten presentado un Recurso de Reposición contra a convocatoria do Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo (Resolución de 26 de marzo de 2018),** pola que se convocan bolsas de investigación, desenvolvemento e e innovación para titulados superiores universitarios, materias e técnicas propias da prevención de riscos laborais. En concreto sobre a bolsa para a investigación e desenvolvemento de métodos de análise de indicadores biolóxicos en fluidos biolóxicos, na cal non se inclúe a nosa titulación (BOE nº 129, de 28/V/18).

## Defensa da Profesión

**SEAGA (01 de xuño).** Despois das nosas reiteradas solicitudes para a inclusión da titulación de bioloxía nas listas que convoca a empresa pública, no DOG de hoxe publicase por primeira vez a apertura de listas para biólogos/as.

### Maio 2018

**Concello de Ourense (30 de maio).** A convocatoria para a selección dun técnico para o programa "GeoAtlantic" (fomento da eficiencia dos recursos) non contempla os biólogos entre as titulacións participantes. Enviábase escrito ao Sr. Alcalde lembrando as funcións estatutarias da profesión e solicitando a inclusión da nosa titulación.

### Abril 2018

**Concello da Coruña (24 de abril).** O noso recurso de alzada sobre a cobertura de dúas prazas de técnico de residuos foi estimado pola Concelleira delegada de Facenda e en consecuencia se modifica o apartado a) da base terceira incluíndo a titulación de bioloxía (entre outras) e abríndose un novo prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes.

**Especialidade Xenética Clínica (10 de abril).** A indicación do Consejo General de COBs, remítense escritos ao Conselleiro de Sanidade e a Ministra de Sanidade, solicitándolles que na vindeira reunión do Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud, defendan a incorporación dos biólogos no ámbito formativo en Consello Xenético da futura especialidade de Xenética Clínica, fundamentada na nosa competencia profesional nesa materia.

### Marzo 2018

**AIMEN Centro Tecnolóxico (15 de marzo).** RA oferta para Técnico Senior Medio Ambiente (Ref. 0302/18) non inclúe a titulación de Bioloxía. Como en ocasión anterior, dirixímonos ao Departamento de Recursos Humanos xa que entre as funcións da profesión atópanse varias das que se indican en dita oferta, solicitándolle que a extenda aos biólogos.

**Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR)-2 (9 de marzo).** Recibimos a desestimación do noso recurso de reposición. "... nas bases da convocatoria non está prevista como titulación esixida a licenciatura de Bioloxía, xa que a categoría 3 está prevista so para a titulación en Ciencias Químicas".

**ENCE (8 de marzo).** O pasado ano 2007 dirixímonos á empresa en relación á convocatoria de bolsas Programa Talento 2017, amosando a nosa sorpresa pola ausencia da nosa titulación entre as destinatarias e expresando o noso desexo de que fora incluída na seguinte edición. A empresa contestou que o tería en conta para o exercicio de 2018. En efecto, na presente edición inclúese a titulación de Bioloxía entre as candidatas para as bolsas.



## Defensa da Profesión

### Febreiro 2018

**Contratos predoutorais Ourense (21 de febreiro).** O Grupo de Investigación BV1 (Planta, solo e valorización de subproductos) da Facultade de Ciencias de Ourense (Universidade de Vigo) ofertou 3 contratos predoutorais nos seguintes temas: Liña de Contaminación de solos e augas, Sistema de produción solo-auga-planta e Valorización de residuos agroalimentarios, nos que non se incluía a titulación de Bioloxía entre as candidatas. Solicitamos dos investigadores explicación sobre esta cuestión. Responden "moitas grazas por facernos chegar a súa preocupación polas inexactitudes da convocatoria en canto ao perfil dos titulados/as que poderían presentarse aos contratos. Tendo en conta a súa mensaxe, procederéi en breve a enviar novamente a convocatoria coas pertinentes modificacións". No texto definitivo engádesse "outras titulacións afíns do ámbito científico".

**Concello de A Coruña (20 de febreiro).** A Resolución publicada no BOP de 2/II/18, de convocatoria de proceso selectivo para cobertura de dúas prazas de técnico de residuos, para a execución dun programa temporal baixo a modalidade de funcionarios interinos reduce a titulación requirida á de enxeñeiro químico, industrial ou de camiños e portos. Sen embargo, as funcións a desenvolver fan referencia á xestión e tratamento de residuos, que nin son exclusivas das titulacións mencionadas, nin son excluíntes doutras titulacións como a de Bioloxía. Preséntase recurso de alzada ou subsidiario de reposición fronte ao Sr. Alcalde do Concello de A Coruña.

**Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR) (15 de febreiro).** A Resolución de 30/1/2018 pola que se convoca proceso selectivo para a contratación dun/unha titulado/a Superior, mediante a modalidade contractual de realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica con cargo ao proxecto denominado "MADeTox" (toxinas lipofílicas, hidrofílicas, paralizantes, amnésicas) indica que a titulación que han de posuír os candidatos é unicamente a de Química. Preséntase recurso de alzada ou subsidiario de reposición fronte ao Sr. Director do INTECMAR.

**Biólogos da Consellería do Mar (9 de febreiro).** O COBGA manifesta o seu apoio ás reivindicacións presentadas en relación coa proposta da RPT da Consellería do mar sobre a reclasificación de postos reservados a persoal da escala de ciencias, especialidade bioloxía, na que se amosa unicamente unha subida de nivel para os postos de nivel 20 a 22, cando o que se ven solicitando dende fai anos é que todos os técnicos biólogos sexan de nivel 24, mediante escrito enviado aos sindicatos, á Conselleira do Mar, á Secretaria Xeral Técnica da Consellería e á Dirección Xeral de Función Pública.

### Xaneiro 2018

**CETMAR-2 (17 de xaneiro).** Recibimos a resposta da Directora Xerente ao noso escrito do 28 de decembro (Proxecto COCKLES, Proxecto MARRISK) no sentido de que *"as titulacións indicadas garanten a comprensión e o desenvolvemento dos*



## Defensa da Profesión

*traballos aos que CETMAR se ten comprometido e que, neste contexto específico, poden ademais complementar as capacidades dispoñibles do equipo de traballo no que a persoa a contratar vaise integrar. (...) en ningún caso foi rexeitada nin substituída a titulación de biólogo".*

**Técnico Superior de Apoio da Investigación USC-2 (10 de xaneiro).** O recurso de reposición presentado foi aceptado a trámite e estimado, conforme á nosa solicitude: "A indicación de que se obviou por erro a titulación en bioloxía fai que se deban reconsiderar as titulacións requiridas para a participación no proceso selectivo", "Esta Reitoría resolve (...) anular o referido anexo I da convocatoria 17/2017 de contratación de persoal, debendo novamente ser convocada coa titulación de graduado universitario ou anteriores titulacións equivalentes, e determinando no apartado "méritos que se valoran" a concreción e valoración específica de aqueles coñecementos que sexan relevantes para as actividades a realizar pola persoa que resulte seleccionada".

**CETMAR.** Enviamos escrito en relación coa convocatoria para contratación de dous Técnicos Superiores para os Proxectos MARRISK e COCKLES, publicada no DOG do 27 de decembro pasado ao non incluír os titulados en bioloxía entre os posibles candidatos.

### Accións de defensa 2017

Durante este ano o Colexio está a desenvolver unha serie de accións destinadas á defensa da profesión de biólogo:

#### Decembro 2017

**Técnico Superior de Apoio da Investigación USC (1 decembro).** O Colexio interpuxo recurso de reposición contra a resolución de 30/10/2017 da Vicerreitora de Investigación e Innovación da USC pola que se convoca Concurso público nº 17/2017, para a contratación de persoal laboral que colabora nas actividades e proxectos de investigación, en concreto no referido á praza 2016-PG014, para a realización da actividade: Desenvolvemento de accións de comunicación e divulgación científica para a Rede de Centros Singulares de Investigación da USC, ao non incluír os titulados en bioloxía entre os posibles candidatos.

#### Novembro 2017

**INGACAL (20 de novembro).** O Anuncio do 2 de novembro de 2017 polo que se convoca o proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico I con cargo ao proxecto de investigación denominado Tecnoloxías para a detección rápida e control sectorial do impacto das micotoxinas na nutrición animal en Galicia (GALAC) limita o requisito de titulación á de Química. Entendendo que os biólogos poderían tamén participar no proceso selectivo, feito fundamentado no que indica o artigo 17º dos

## Defensa da Profesión

estatutos do COBGA, enviáselle escrito ao Director do INGACAL para que dicte as instrucións pertinentes que permitan o seu acceso.

### Outubro 2017

**SEAGA (26 de Outubro).** En relación ao anuncio de setembro pasado de apertura de listas enviamos escrito reiterando a nosa solicitude para que os biólogos sexan incluídos entre as titulacións para a selección de persoal temporal.

### Setembro 2017

**Servicio Aragonés de Salud (29 de Setembro).** Convocatoria de Facultativo Especialista de Área de Análisis Clínicos y Bioquímica Clínica en centros del Servicio Aragonés de Salud de la Comunidad Autónoma de Aragón, grazas as xestión do Colegio Profesional de Biólogos de Aragón se corríxe a convocatoria e se inclúe aos biólogos/as.

**AEMPS (28 de Setembro).** En relación a convocatoria de Bolsas da AEMPS, e en concreto a bolsa FSMH5 ("Formación Relacionada con la Evaluación de Ensayos Clínicos con Medicamentos de uso Humano"), na que non se inclúe a nosa titulación, trasladamos ao CGCOB a necesidade de presentar recurso potestativo de reposición, ao considerar que hai biólogos/as con experiencia, coñecementos e formación que poderían presentarse.

**AIMEN (27 de Setembro).** Publica a convocatoria para contratación dun Técnico Senior Medio Ambiente [Ref.: 0801/16] nela exclúese a titulación de Bioloxía. Remítese escrito ao Centro Tecnolóxico solicitando a corrección da convocatoria coa inclusión da nosa titulación.

### Agosto 2017

**INGACAL (11 de Agosto).** O 10 de agosto publícase a convocatoria para contratación dun técnico I para o proxecto denominado "WETWINE SOE1/P5/E0300" nela exclúese a titulación de Bioloxía. Remítese escrito ao Director do Instituto solicitando a corrección da convocatoria coa inclusión da nosa titulación

**Fundación SEPI-REE (3 de agosto).** En relación coa convocatoria de becas FUNDACIÓN SEPI-REE 2017, nas que non inclúense biólogos/as entre os destinatarios, remítese escrito REE solicitando a corrección da convocatoria coa inclusión da nosa titulación. Con data de 25 de setembro contesta a REE facendo constar a presenza de biólogos entre os seu traballadores e a "gran consideración" que deles teñen e a posibilidade de contar coa nosa titulación en futuras bolsas en función das súas necesidades.



## Defensa da Profesión

### Maio 2017

**Composición tribunal escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia (31 de maio).** Envíaselle escrito ao Sr. Conselleiro de Facenda transmitíndolle a nosa sorpresa xa que ningún biólogo forma parte nin do tribunal titular nin do suplente, tendo en conta o temario específico do proceso selectivo: recursos mariños, plans de explotación, establecementos de cultivos, organizacións pesqueiras, artes e aparellos, embarcacións, infraccións en materia de protección de recursos mariños, portos, lonxas pesqueiras, mareas vermellas, trazabilidade nos produtos da pesca, contaminación mariña, etc. etc.

**Deputación Provincial de Ourense (22 de maio).** Ante a sinatura dun protocolo de colaboración coa ONG Waterkeeper Alliance (Robert F. Kennedy Jr.) para un posible estudo de protección de ríos na provincia, envíaselle escrito ao seu Presidente, interesando información acerca do alcance do estudo, das características dos técnicos que o levarían a cabo e o seu custo económico, lembrando que neste país hai suficientes institucións e profesionais capacitados para acometer calquera estudo destas características. A Deputación de Ourense contesta o 1 de xuño aducindo a autonomía política e de xestión do goberno provincial.

### Abril 2017

**Fundación Biodiversidad (26 de abril).** Convocatoria de Bolsas de formación para becarios. Solicitamos expresamente da Fundación Biodiversidad que as prazas nº 5 (ref 7/2017) e nº 6 (ref 8/2017) de Participación na área de pesca e acuicultura sostibles inclúan aos titulados en Bioloxía como candidatos. A Fundación Biodiversidad con data de 28 de abril publica a modificación de ditas prazas incluíndoos.

### Marzo 2017

**Concurso de traslados do SERGAS (10 de marzo).** En relación con este borrador, o Colexio interesa do SERGAS aclaración ao feito de que non está incluída a especialidade de **Bioquímica Clínica**.

**Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Ambiente e O. do T. (6 de marzo).** Envíanse alegacións aos representantes das organizacións sindicais presentes na Mesa de Negociación relacionadas con diversos postos: directores de parque natural, da S. X. de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, da Xefatura de Sección de Caza e Pesca Fluvial de Lugo e de director/conservador do Parque Nacional das Illas Atlánticas, no sentido de asegurar a concurrencia dos biólogos para ditos postos.



## Defensa da Profesión

### Febreiro 2017

**Campaña de erradicación do mapache (*Procyon lotor* L.) en Galicia (22 de febreiro).** Enviamos escrito á Directora Xeral de Conservación da Natureza xa que no prego de condicións técnicas para a contratación administrativa do servizo inclúese que o trampeo e captura de exemplares deberá realizarse co emprego dun can especialmente adestrado e polo tanto cun instrutor canino con 3 anos de experiencia. Estimamos que existen outras metodoloxías que permiten un seguimento sistemático a longo prazo como o fototrampeo e este requisito limitaría sustancialmente a posible participación de profesionais.

**GALP Grupo Ártabro Sur (17 de febreiro).** Interesamos aclaración sobre as razóns de que para concurrir á praza de xerente as titulacións requiridas se circunscriban ás áreas de economía, administración de empresas, dereito, ciencias políticas, socioloxía e similares, sendo que para a mesma praza do Grupo A Mariña Ortegale o requisito é máis xenérico: licenciatura ou enxeñaría superior.

**Dirixímonos aos Concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 hab en relación coa convocatoria da Deputación de Pontevedra do Plan de Práctica Laboral 2017** polo que, os concellos, poderán solicitar bolseiros durante un período de seis meses renovables por outros seis, informando das actividades profesionais dos/as biólogos/as coa finalidade de que teñan en conta aos/as biólogos/as á hora de realizar os seus proxectos de solicitude de axudas.

### Accións de defensa 2016

Durante este ano o Colexio está a desenvolver unha serie de accións destinadas á defensa da profesión de biólogo:

#### Decembro 2016

**Lei de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación (26 de decembro).** Envíanse aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia as nosas alegacións á "lei de acompañamento", neste momento en trámite:

1- Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia (Modificación da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia). Que á escala de Ciencias, especialidade Bioloxía só se acceda coa titulación de Bioloxía, non con calquera titulación da rama de ciencias.

2- Escalas e especialidades dos corpos de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a escala superior de seguridade e saúde no traballo).





## Defensa da Profesión

Incluír a titulación de Bioloxía entre as titulacións habilitantes para a especialidade de seguridade no traballo.

3- Modificación do artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia:

- Definicións:

31. Técnico competente en materia forestal:

Os actuais titulados en enxeñaría de montes ou enxeñaría técnica forestal e demais titulados universitarios con competencias en sistemas e medios forestais.

### Setembro 2016

**Establecementos de acuicultura que alberguen especies exóticas invasoras (30 de setembro).** O escrito enviado á Sra. Conselleira do Mar refírese á Resolución que establece o cronograma de actuacións para a adecuación destes establecementos dedicados ao cultivo de *Oncorhynchus mykiss* ou *Undaria pinnatifida* en relación coa prevención de escapes, liberacións e verteduras. Solicítaselle que os servizos técnicos encargados de emitir os informes ao respecto estean compostos por persoal con competencias suficientes para asegurar a eficacia das medidas descritas "para evitar calquera influencia negativa no ambiente e na biodiversidade".

**Curso de formación de formadores en acuicultura (23 de setembro).** Este curso, convocado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro o 22 de agosto, incluía a enxeñaría de montes entre as titulacións que debían posuír as persoas interesadas en realizalo. No escrito enviado á Sra. Directora Xeral solicítase información sobre a temática e o alcance de dito curso, dado que se se tratase de acuicultura mariña exclusivamente, a citada titulación carece de competencias nesa materia. Maniféstaselle tamén que en todo caso, consideramos que as restantes titulacións mencionadas son máis axeitadas para impartir formación en materia de acuicultura. O 3 de novembro recibimos a resposta da Sra. Directora Xeral no sentido de que tentan atender nas convocatorias de formación aos requisitos técnicos propostos polo correspondente centro especializado (IGafa) e recollen a nosa consideración para o caso de novas convocatorias. Adxúntase ao escrito un informe do propio IGafa que explica que se inclúen as empresas de acuicultura continental "que constitúen un subsector de gran importancia (...) Galicia é a segunda produtora de troita de España e a titulación de enxeñaría de montes/forestal inclúe unha materia específica de acuicultura e capacita para xestionar e protexer as poboacións da fauna forestal, con especial énfase nas de carácter cinexético e piscícola".

**Consellería do Medio Rural (21 de setembro).** En relación coa convocatoria de axudas para realizar cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios publicada o 14 de setembro, envíaselle á conselleira un escrito lembrando que a sentenza do TSXG do 8 de febreiro de 2012 declara que debe incluírse a titulación de Bioloxía entre as que ha de posuír o persoal docente deses cursos. Esta sentenza foi a culminación do recurso que interpuxo no seu día o Colexio contra unha Orde de 2009 que regulaba a formación das persoas que realizan actividades de manipulación e



## Defensa da Profesión

aplicación de fitosanitarios. En consecuencia, pídeselle á conselleira que, en cumprimento do criterio sentado por dita resolución xudicial dicte as instrucións necesarias para que os biólogos se vexan incluídos entre o persoal docente da citada convocatoria de axudas.

O 11 de novembro recíbese a resposta da Secretaria Xeral Técnica da consellería: "... desde a Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal desta consellería estase a autorizar a todos aqueles que cumpran cos requisitos de titulación establecidos no Documento sinalado (Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios do MAGRAMA), admitindo a todos os licenciados/graduados en Bioloxía (...) sempre que acrediten a formación correspondente." [21/09/16]

**Instituto Galego da Calidade Alimentaria.** No DOG do 18 de agosto publícase a convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico I, para o desenvolvemento do proxecto de investigación denominado: Cara a un sistema de autenticación da orixe do leite de vacún: estudo da relación entre o sistema de alimentación e a presenza de biomarcadores na graxa do leite potencialmente útiles como trazadores da súa procedencia en dietas típicas de Galicia e a Cornixa Cantábrica. Dado que entre as titulacións requiridas non figura a de Bioloxía o Colexio presentou un Recurso Potestativo de Reposición contra a resolución, no que solicitamos a inclusión da titulación de biólogo/a na convocatoria. [02/09/16]

### Xullo 2016

**Secretaría Xeral Técnica Consellería Medio Ambiente (13 de xuño).** A licitación do servizo para executar as actuacións programadas no Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.), no seu prego de prescicións técnicas, indica que o equipo deberá contar cun titulado en Pedagogía para o programa de comunicación. No escrito enviado solicítase que os titulados en Bioloxía que reúnan os requisitos citados no prego estean incluídos no equipo para desenvolver os referidos traballos: "Aínda que estamos firmemente convencidos de que os problemas ambientais son o paradigma da interdisciplinariedade, fáisenos complicado entender a inclusión desta titulación. (...) Queremos reivindicar a existencia de biólogos que teñen experiencia en ditos menesteres... (citando o artigo 17º dos Estatutos do COBGA, Funcións da profesión).

### Xuño 2016

**Dirección Xeral de Conservación da Natureza (9 de xuño).** A contratación do servizo de deseño e execución de campañas de divulgación e promoción do turismo de natureza sostible e de educación ambiental nos parques naturais e aulas de natureza de Galicia, evidencia que a dotación económica que se consigna é notoriamente insuficiente para desenvolver os traballos a realizar, polo que no escrito correspondente interésase que se nos facilite información sobre os cadros de prezos unitarios aplicados ás licitacións mencionadas e o listado de procedementos das mesmas características nas que se invita



## Defensa da Profesión

directamente a asociacións sen ánimo de lucro ou universidades, xa que todo indica que están dirixidos a entidades que non rexen as súas actividades polas regras do mercado.

**Concello de A Fonsagrada (3 de xuño).** A convocatoria para a cobertura con carácter de interinidade do posto de técnico medioambiental (concurso-oposición) exclúe a titulación de Bioloxía entre os requisitos dos candidatos, pois só contempla a de enxeñeiro agrónomo ou de montes. Interponse recurso potestativo de reposición contra o Decreto correspondente da Alcaldía.

### Maio 2016

**Director Xeral de Función Pública (20 de maio).** A orde de convocatoria de procesos selectivos para ingreso no corpo facultativo superior, escala de ciencias, especialidade bioloxía publícase no DOG do 4 de maio. O título esixido é o de Licenciado en Bioloxía ou graduado nunha titulación equivalente da rama de ciencias. Dado que nunha das Mesas de Negociación coas Organizacións Sindicais sostívose por parte da Administración que tamén poderían concurrir os Licenciados en Ciencias do Mar (especialidade distinta da escala de ciencias), solicítase aclaración por escrito do criterio a seguir na referida convocatoria, aos efectos de interpoñer o correspondente recurso contencioso administrativo, no seu caso.

**Máster Interuniversitario en Bioloxía Mariña (13 de maio).** La Voz de Ferrol publica o día 5 de maio unha noticia titulada "Los caballitos de mar sobreviven en la ría" na que se denomina futuros biólogos aos alumnos deste máster. O escrito enviado ao Delegado en Ferrol de La Voz de Galicia explica que a de biólogo é unha profesión titulada e que unicamente son biólogos determinados titulados universitarios de licenciatura ou grao.

### Marzo 2016

**Director Xeral de Función Pública (17 de marzo).** O escrito enviado refírese a que na reunión da Mesa Xeral da Administración cos sindicatos do 11 de marzo a D. X. de Función Pública manifestou a súa intención de "consultar se a licenciatura en Ciencias do Mar habilita para presentarse a biólogos" e reivindica outra volta (igual que nas reunións mantidas no seu día cos Grupos Parlamentarios, coa Sra. Conselleira do Mar, a Comisión de elaboración da RPT e o propio Sr. Director de Función Pública) que para acceder ás prazas da Administración especial, especialidade Bioloxía, nos próximos e seguintes procedementos selectivos, se requira exclusivamente a titulación de Bioloxía.

### Xaneiro 2016

**Convocatoria da Universidade de Vigo de técnicos de apoio á I+D+i do Ministerio de Economía (15 de xaneiro).** Entre os requerimentos para optar á praza de Técnico con experiencia en Bioestatística-CINBIO figura o de "experiencia na aplicación de métodos estatísticos á resolución de problemas do ámbito das Ciencias da Vida e da



## Defensa da Profesión

Saúde" pero os titulados de Bioloxía están excluídos do proceso. Enviáselle escrito á Vicerreitora de Investigación e Transferencia e ao propio reitor da Uvigo no sentido de que sexan incluídos na convocatoria, segundo as funcións da profesión recollidas nos estatutos e as materias relacionadas existentes nos plans de estudo.

### Accións de defensa 2015

#### Setembro 2015

**Instituto Galego da Calidade Alimentaria (4 de setembro)** O INGACAL convocou proceso selectivo para a contratación dun técnico para o proxecto VITIS EUROPA. Dado que entre as titulacións requiridas non figura a de Bioloxía, enviáselle con esa data escrito ao Sr. Director, solicitándolle a modificación das bases en tal sentido.

#### Agosto 2015

**A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela** convocou, o pasado 17 de agosto, unha praza de vinculación temporal na categoría de Facultativo especialista de Microbioloxía e Parasitoloxía, nos requisitos de titulación pedíase: "Titulación.- Posuir a titulación de Licenciado ou Doutor en medicina e Cirurxía, así como a especialidade reflectida na Base Primeira, en función da praza á que se opta". Remitímoslle un escrito á citada Xerencia no que lle lembramos que a especialidade de Microbioloxía e Parasitoloxía é multiprofesional e os biólogos poden acceder a ela. Así pois, solicitamos a modificación dos termos da convocatoria no sentido indicado "Titulación.- Posuir a titulación de Licenciado ou Doutor, así como a especialidade reflectida na Base Primeira, en función da praza á que se opta". Con data de 20 de agosto a XXI de Santiago remitenos a corrección de erros na que se inclúe a titulación de bioloxía (entre outras).

#### Xullo 2015

**Entrevista coa Directora Xeral de Conservación da Natureza (16 de xullo).** Participaron nela a Vogal da Xunta de Goberno D<sup>a</sup> Mercedes Casal e os colexiados D. Xabier Vázquez e D. Carlos Rodríguez. Informóuselle das reunións mantidas coas instancias anteriores e dos escritos pertinentes enviados. Respecto do desamparo observado en relación coa protección ambiental en Galicia, manifestou que se cumpren todas as medidas observadas na lexislación vixente. En canto ao catálogo de especies ameazadas, informou que están considerando a posibilidade de desenvolvelo por grupos de especies, xa que son moitas as involucradas. En xeral, xustificou o bo facer da Administración galega en materia de medio ambiente.



## Defensa da Profesión

### Xuño 2015

#### **Entrevista coa Sra. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.**

O luns día 15 de xuño, o Decano do Colexio e dous membros da Comisión do Sector Ambiental, D. Carlos Rodríguez e D. Xabier Vázquez reuníronse con D<sup>a</sup> Ethel Vázquez e co Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, D. Justo de Benito. Presentáronlles as nosas reivindicacións plasmadas nos documentos previamente enviados: a situación actual dos estudos ambientais en Galicia e a Guía para mellorar a avaliación e vixilancia de impactos ambientais pola Administración competente. Así mesmo, incidiron na necesidade de considerar de novo os plans de recuperación e conservación das especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Este conxunto de actuacións continuará cunha entrevista con D<sup>a</sup> Verónica Tellado, Directora Xeral de Conservación da Natureza.

#### **Guía para mellorar a avaliación e vixilancia de impactos ambientais pola Administración competente (5 de xuño).**

A Comisión do Sector Ambiental do Colexio examinou a situación do medio ambiente da nosa Comunidade e as conclusións plasmáronse nun documento que se fixo chegar ás administracións autonómicas concernidas. Nunha entrevista co Sr. Director Xeral de Enerxía e Minas, en quen delegou o Conselleiro de Economía e Industria, explicóuselle con todo detalle dita situación: desde a estrita degradación ambiental observada ata a perda de postos de traballo relacionados coas vixilancias e seguimentos ambientais de infraestruturas e a precariedade dos que aínda resisten.

Froito da reunión foi o compromiso de elaborar un texto cos aspectos máis importantes a ter en conta polo persoal ao servizo da Administración que debe examinar os estudos de impacto ambiental e os documentos de vixilancia ambiental, que revelen que cumpren efectivamente co propósito para o que son elaborados e non son un requisito ou trámite meramente formal.

Este texto foi enviado ás instancias competentes na materia no nivel autonómico coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente e inciden no coñecemento da lexislación (especialmente da conservación da biodiversidade) e nas características dos estudos de impacto ambiental (calendario de resultados previos, traballo de campo, metodoloxía de prospección empregada, consulta das propostas dos plans de recuperación de especies ameazadas, planimetrías axeitadas, cumprimento estrito dos plans de vixilancia tal como foron aprobados, esixencia de profesionais capacitados para asinalos, etc.).

### Maio 2015

**Relación de Postos de Traballo Consellería de Medio Ambiente, T. e I. -3 (5 de maio).** O documento anterior envíase ao Presidente da Xunta de Galicia, para que inste do departamento correspondente unha resposta axeitada.



## Defensa da Profesión

### Marzo 2015

**Relación de Postos de Traballo Consellería de Medio Ambiente, T. e I. -2 (17 de marzo).** Dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería, entrégase no Rexistro Xeral da Xunta o documento onde se realiza a análise das prazas dos corpos especiais, grupo A1 da RPT da CMATI: o listado con aquelas que teñen relación tanto coa titulación de Bioloxía coma cos temarios que a Xunta de Galicia elabora para o acceso ás prazas da escala de biólogos e a documentación xustificativa da correspondencia destas prazas coa nosa titulación.

**Relación de Postos de Traballo Consellería de Medio Ambiente, T. e I. (11 de marzo).** Estase negociando neste momento e advertido que varias prazas poderían ser desempeñadas por biólogos, mantense unha reunión co Subdirector Xeral de Conservación, o Vicesecretario Xeral e a Subdirectora de Persoal á que asisten o Decano, o asesor xurídico e D<sup>a</sup> Beatriz Asorey, membro da Comisión do Sector Ambiental. Por parte da Administración solicítase información adicional para aportar como xustificación das nosas reivindicacións.

**Situación ambiental en Galicia- 3 (2 de marzo).** Entrevista co Director Xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo, en quen delegou o Conselleiro de Economía e Industria. O Decano e D. Xabier Vázquez, membro da Comisión que elaborou o informe, explicáronlle polo miúdo a nosa perspectiva. O D. X. solicitou a colaboración do Colexio para mellorar a calidade dos estudos de seguimento e vixilancia ambientais.

### Febreiro 2015

**Situación ambiental en Galicia- 2 (28 de febreiro).** O documento elaborado pola Comisión do Sector Ambiental envíase ao Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, solicitándolle que dito organismo "promova a aplicación rigorosa da lexislación vixente na materia por parte dos concellos do noso país no ámbito das súas competencias" e unha entrevista para tratar deste asunto directamente.

**Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 5 (28 de febreiro).** O Colexio informa aos grupos parlamentarios da cámara galega da súa adhesión a unha alegación presentada anteriormente por un particular no sentido de incluír a titulación de Bioloxía para as especialidades de Seguridade Laboral, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, solicitándolles que a asuman e a incorporen ás súas propias emendas no trámite parlamentario.

**Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 4. (20 de febreiro).** Mantivemos unha entrevista co D.X. de Función Pública. D. José María Barreiro, asistiron o Decano e o Asesor Xurídico, reiteramos os argumentos xa expostos.



## Defensa da Profesión

**Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 3 (17 de febreiro).** O decano do Colexio e o asesor xurídico manteñen unha entrevista coa Conselleira do Medio Rural e do Mar, D<sup>a</sup> Rosa Quintana e a Secretaria Xeral Técnica, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Concheiro, onde se lles expoñen as razóns para que á escala de biólogos da Administración especial da Xunta de Galicia accedan só os titulados en Bioloxía.

**Situación ambiental en Galicia (13 de febreiro).** Despois de ser examinada pola Comisión do Sector Ambiental nunha reunión celebrada en decembro pasado, elaborouse un documento coas conclusións, que pode consultarse [aquí](#) e que foi posto en coñecemento das consellerías de Medio Ambiente, T. e I., do Medio Rural e do Mar e de Economía e Industria, solicitando ao mesmo tempo unha entrevista cos seus titulares en relación cos feitos e consecuencias que se relacionan no devandito documento.

**Proxecto de lei do emprego público de Galicia- 2 (12 de febreiro).** O Decano do Colexio, D. José Pelayo Míguez e o asesor xurídico, D. Fernando Escariz, mantiveron unha entrevista co Grupo Parlamentario Popular do Parlamento de Galicia, representado por D. Pedro Puy e D<sup>a</sup> Paula Prado, para contrastar os argumentos de cada parte en relación coa pretensión da Administración autonómica de que á escala de biólogos poida acceder calquera titulado da rama de ciencias.

### Xaneiro 2015

**Proxecto de lei do emprego público de Galicia (23 de xaneiro).** Atópase actualmente sometido a debate no Parlamento de Galicia e na súa Disposición adicional oitava establece as titulacións requiridas para acceder ás diferentes escalas do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia. Visto que en cada unha delas esíxese a titulación correspondente (que dá título á escala) e que para a de Biólogos o proxecto permite acceder a calquera titulado na rama de ciencias (ata 25 diferentes), envíanse aos grupos parlamentarios as consideracións pertinentes ao respecto solicitándolles que as asuman e as incorporen ás súas propias emendas no trámite parlamentario. É dicir, que para a Escala de Biólogos se acceda coa titulación en Bioloxía.

## Accións de defensa 2014

### Decembro 2014

**Dirección Xeral de Conservación da Natureza (26 de decembro).** O Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para a contratación do servizo de asesoramento e seguimento na xestión do lobo en Galicia establece que o equipo para desenvolver os traballos incluírá un veterinario cunha experiencia mínima de 3 anos en traballos de investigación xenética dos animais silvestres. Interponse recurso de alzada na Consellería de Medio Ambiente, T. e I. solicitando a rectificación do PPT no sentido de incluír a titulación de Bioloxía para desenvolver ditos traballos.



## Defensa da Profesión

**Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos (23 de decembro).** A convocatoria para vinculación temporal de varias prazas de facultativo especialista de área para os servizos sanitarios de atención hospitalaria de dita Xerencia (Resolución de 27 de novembro de 2014) volve a ignorar que xa existe o título de especialista tamén para os biólogos. Feita a pertinente reclamación, o día 24 a Xerencia publica a corrección de erros correspondente.

**Servizo de Inspección Veterinaria (10 de decembro).** O COBGA presentou no seu día senllos recursos contenciosos contra o Decreto 150/2011 polo que se creaba o Servizo de Inspección Veterinaria e contra o Decreto 46/2012 polo que se determinaba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar e se establecía o Servizo de Inspección Veterinaria, porque poderían limitar a priori de xeito exclusivo e excluínate as súas funcións a unha determinada titulación. Como queira que polo Decreto 132/2014 do 2 de outubro, dito servizo pasa a denominarse **Servizo de Inspección e Control dos Recursos** (e non de Inspección Veterinaria), o pasado 27 de novembro comunicouse ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o desistimento dos procedementos indicados.

### Novembro 2014

**Concello da Coruña (13 de novembro).** Solicitamos a inclusión dos biólogos entre os profesionais para participar na licitación relativa ao desenvolvemento e xestión dos distintos campamentos municipais dirixidos a menores, concretamente o que ten como temática central **A Coruña y el mar**.

### Outubro 2014

**Lei acompañamento de orzamentos (23 de outubro).** Envíase aos Grupos Parlamentarios do Pazo do Hórreo unha enmenda relacionada coa Lei de Montes (unha de tantas normas que se modifican con ela) no sentido da definición de "técnico competente": "os actuais titulados en enxeñaría de montes ou enxeñaría técnica forestal e demais titulados universitarios con competencias en sistemas e medios forestais".

**Comisión Nacional da Especialidade Sanitaria de Xenética Clínica (20 de outubro).** O COBGA, xunto cos colexios de biólogos de Extremadura e Aragón, presenta á Conselleira de Sanidade a candidatura de D. José M. Martínez Yriarte para a citada comisión, que contará con catro membros do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad propostos polas comunidades autónomas.

### Xullo 2014

**Grao en Enxeñaría Biolóxica USC (11 de xullo).** As alegacións formuladas polo Colexio á proposta presentada a exposición pública inciden basicamente en que o novo Grao: "Resulta improcedente porque sus objetivos, competencias y contenidos se solapan con otros estudios de Grado y Master consolidados y ya existentes en la USC. (...) Se puede concluir que la pretensión del nuevo Grado es la de formar a un biólogo





## Defensa da Profesión

con outro nome. Algo que leva, indefectiblemente, a la confusión y ambigüedad profesional." Tamén o Consejo General de Colegios de Biólogos presentou as súas: "... las competencias profesionales de estos futuros titulados no están definidas mientras que las de otros profesionales, como por ejemplo los biólogos, sí lo están.

### Xuño 2014

**Mergullo e actividade científica (25 de xuño).** Aos biólogos que necesitan mergullarse para levar a cabo a súa actividade científica non se lles permite facelo aínda que posúan un título de mergullador deportivo. Segundo o que indica o Decreto 73/2013, do 18 de abril, que establece o currículo do título de técnico deportivo en Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo, as inmersiones de mergullo deportivo teñen como finalidade a aprendizaxe, a competición e a exploración, investigación, observación e conservación da natureza e a paisaxe subacuática. Solicítase á Conselleira do Medio Rural e do Mar que os titulados en Bioloxía que posúan unha titulación de mergullo deportivo recoñecida e en vigor podan realizar actividades relacionadas coa investigación dos recursos sublitorais mediante o emprego dun sistema de mergullo autónomo (SMA) e observando as normas de seguridade pertinentes.

### Maiο 2014

**Estrutura orgánica Consellería do Medio Rural e do Mar (15 de maio).** En relación coa nova de febreiro de 2012, o xoves 15 de maio estaba prevista a celebración dunha vista oral no xulgado do contencioso de Santiago en relación co recurso contra a Orde do 22 de xullo de 2011, da Consellería de Facenda pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes no corpo facultativo superior dá Xunta de Galicia, escala de veterinarios. Finalmente a vista suspendeuse, ao estar de acordo o xuíz co noso avogado en que é necesario esperar a que o TSXG resolva o recurso posteriormente suscitado contra a norma que crea o Servizo de Inspección Veterinaria (Decreto 46/2012) que exclusiviza a dita titulación para realizar tales cometidos.

### Xaneiro 2014

**Proyecto de Real Decreto por el que se establece el currículo básico de la educación primaria, de la educación secundaria obligatoria y del bachillerato (2 de xaneiro).** O texto, sometido a información pública polo Ministerio de Educación, motivou o envío da seguinte alegación: Comparando o currículo de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato do proxecto co vixente, compróbase que desaparecen os temas de diversidade dos seres vivos e a súa clasificación, a bioloxía das plantas e a bioloxía dos animais. No seu lugar figuran temas que volven a relacionarse na mesma orde na asignatura Bioloxía de 2º de Bacharelato (Bioquímica, Citoloxía, Metabolismo e Xenética Molecular). Solicítase ao Ministerio que se repoña a situación orixinal, xa que os temas desaparecidos son fundamentais para o coñecemento do medio e importantes para os alumnos que queiran acceder a ciclos formativos ou titulacións universitarias con contidos biolóxicos.



## Defensa da Profesión

### Accións de defensa 2013

#### Decembro 2013

**Registro de Profesionales Sanitarios (13 de decembro).** A indicación do Consejo General de Colegios de Biólogos enviase oficio á Conselleira de Sanidade, para que o Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud do día 18 de decembro estime e aprobe a incorporación dos titulados universitarios superiores que desenvolven a súa actividade profesional nas institucións do Sistema, non só aqueles que responden á definición de profesional sanitario segundo a Ley de Ordenación de las Profesiones Sanitarias (LOPS).

**Director Xeral de Función Pública (12 de decembro).** Enviase escrito en relación coa elección de destino definitivo dos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na escala de enxeñeiros técnicos forestais, xa que a praza que se oferta de Xefe Sección Caza e Pesca Fluvial dos servizos periféricos pode ser cuberta tamén por biólogos.

#### Outubro 2013

**Técnico Especialista de Laboratorio (25 de outubro).** Enviado escrito á Directora de Recursos Humanos do SERGAS, á Comisión Central de Seguimento do Pacto de Contratación e ás Federacións de Sanidade dos sindicatos CC. OO., CSI-F, UXT e CIG solicitando que no baremo futuro que se pacte se contemple a titulación de Bioloxía como mérito valorable.

**Servizo Galego de Saúde (8 de outubro).** Solicitouselle á Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela a eliminación da referencia a "Médico" nunha convocatoria de xefatura da Sección de Microbioloxía (DOG Núm. 192 Martes, 8 de outubro de 2013). A Xerencia corrixiu ao día seguinte o texto das bases. Substituíuse por "persoal licenciado sanitario na especialidade de Microbioloxía"

**Instituto Galego de Promoción Económica (7 de outubro).** Escrito ao Director Xeral para que se inclúa a titulación de Bioloxía entre as que optan á convocatoria de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas, dadas as áreas que se contemplan: entre outras, Xestión por procesos, Innovación na empresa e Execución de vixilancia tecnolóxica.

Da resposta do Director Xeral do 5 de novembro: As entidades colaboradoras nas que finalmente vai desenvolver o seu traballo o bolseiro son as que seleccionan as titulacións que necesitan. Deste xeito, a inclusión de bolseiros con titulacións non demandadas por estas entidades tería como resultado que se seleccionarían bolseiros para o listado que despois non poderían ser incorporados a destino.



## Defensa da Profesión

### Xullo 2013

**Instituto Galego de Promoción Económica (3 de xullo).** Escrito ao Director Xeral para que os requisitos de acceso ás bolsas de formación en promoción exterior sexan os mesmos que rexen para as axudas para a contratación de xestores Igapex de internacionalización: contar cunha licenciatura ou diplomatura con experiencia ou coñecementos suficientes en comercio exterior.

Da resposta do Director Xeral do 8 de xullo: As titulacións indicadas na convocatoria responden á focalización nas titulacións máis demandadas polas empresas galegas á hora de incorporar persoal especializado aos seus departamentos de exportación ou internacionalización.

### Xuño 2013

**Probas selectivas escala de biólogos Xunta de Galicia (6 de xuño).** Remítese escrito ao Director Xeral da Función Pública en relación coas anomalías ou inconcrecións observadas no Programa que rexerá as probas. A parte específica, en comparación coas de outras escalas, é demasiado inconcreta polo que se lle solicita que se indique a normativa relacionada con cada tema naqueles nos que exista para evitar o agravio comparativo que se traduciría nunha maior dificultade para os biólogos, ao configurar uns temarios de forma distinta en función da titulación esixida para os postos.

### Maiο 2013

En relación a noticia da **Oferta Pública de Emprego do Sergas 2013. no DOG do 6/VI/13** publícase a seguinte **corrección de erros** Debe dicir: Título universitario oficial de grao ou de licenciado/a ou doutor/a en Ciencias Biolóxicas e título de especialista expedido polo Ministerio de Educación Cultura e Deporte, na especialidade de Análises Clínicas ou Bioquímica Clínica.». [\[BOE\]](#)

**Oferta Pública de Emprego do Sergas 2013.** Na Resolución do 30 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, de convocatoria de concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde, entre os requisitos para as prazas de Facultativo Especialista en Análises Clínicas continúa solicitándose o "Título universitario oficial de grao ou de licenciado/a ou doutor/a en Ciencias Biolóxicas e acreditar a súa formación na especialidade de Análises Clínicas ou Bioquímica Clínica **mediante a formación completa como biólogo/a interno/a residente**, realizada en centros acreditados ou debidamente recoñecidos, logo de superación da proba nacional selectiva que establecen as disposicións vixentes", pese a que desde o 2002 xa existe o título de **especialista** para os biólogos. No escrito dirixido á súa directora o 14 de maio, pedímoslle que corrixa os termos da convocatoria nese sentido.

### Abril 2013



## Defensa da Profesión

**Anteproxecto de Lei do Empregado Público de Galicia (29 de abril).** Envíanse alegacións á Dirección Xeral da Función Pública e aos sindicatos presentes na Mesa de Negociación relativas a que na rama de coñecementos da escala de biólogos se indique de xeito explícito o "título universitario oficial de licenciado ou graduado en Bioloxía" e que na escala de axentes de extensión pesqueira se manteñan as titulacións recollidas no artigo 12. 4. 1 da Lei 12/1992 de creación de Escalas de Persoal Funcionario (capitán de pesca, diplomado en EXB ou os tres primeiros cursos de licenciado en Ciencias Biolóxicas, incluíndo as novas titulacións universitarias equivalentes.

### Marzo 2013

**Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios (20 de marzo).** O Consejo General de Colegios de Biólogos interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra o Real Decreto 1275/11, de 16 de setembro polo que se crea a AEMPS, ante a Sala Terceira, Sección Primeira, do Tribunal Supremo. [\[BOE\]](#) [\[Redacción Médica: Los biólogos llevan a la AEMPS ante el Supremo por "ocultar" su labor sanitaria\]](#)

**Instituto Galego da Calidade Alimentaria (13 de marzo).** A convocatoria dun técnico con cargo ao proxecto WINETech Plus Comunidade de innovación e novas tecnoloxías en viticultura e elaboración de viño exclúe aos titulados en Bioloxía como candidatos. No escrito dirixido ao seu director para que reconsidere os termos da convocatoria, lémbrianselle as funcións da profesión e a existencia de biólogos desenvolvendo a súa actividade na industria vinícola de Galicia.

### Febreiro 2013

**Relación de Postos de Traballo Consellería do Medio Rural e do Mar (26 de febreiro).** En relación coa reunión do día 27 sobre esta RPT, reenviánselle á Dirección Xeral de Función Pública e aos sindicatos presentes na Mesa de Negociación o escrito remitido en outubro pasado en ocasión similar, para a súa toma en consideración.

**Centro Español de Metrología (25 de febreiro).** A convocatoria de bolsas para a formación de especialistas en metroloxía non contempla a titulación de Bioloxía. O COBGA solicitou ao Consejo General de Colegios de Biólogos que reclamara a súa inclusión, feita mediante escrito dirixido ao Ministerio de Industria, Energía y Turismo do 27/II/13.

## Accións de defensa 2012

### Decembro 2012

**Fundación IDICHUS (4 de decembro).** A convocatoria dunha praza de contratado de investigación (Ctto 058/2012) para o proxecto INVICTUS: 8.1. Dianas terapéuticas



## Defensa da Profesión

para el ictus, require a titulación de Licenciatura en Biología- Especialidad en Biología Molecular. No escrito reitéranselle á Directora as consideracións expresadas anteriormente respecto do asunto da praza de bolseiro P001/2012. A resposta da Directora de 10 de decembro indica que ao non ser Administración Pública, teñen total liberdade para solicitar os requisitos que consideren necesarios.

### Novembro 2012

**Fundación IDICHUS (30 de novembro).** A convocatoria dunha praza de bolseiro de investigación (P001/2012) require a titulación de Licenciado/a en Bioloxía, especialidade Bioloxía Fundamental e Sanitaria. No escrito enviado á Directora da Fundación solicítaselle que elimine ese requisito e, que en todo caso, o fagan constar como mérito, citando a normativa sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios. A resposta da Directora de 10 de decembro indica que ao non ser Administración Pública, teñen total liberdade para solicitar os requisitos que consideren necesarios.

### Outubro 2012

**Proposta de modificación completa da Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural e do Mar (30/10/12).** Remítese escrito ás organizacións sindicais presentes na mesa de negociación en relación coa non inclusión da titulación de Biólogo/a en diversas prazas da nova RPT, para que asuman a reivindicación do Colexio.

**Prazas de interinidades e substitucións ensino (19 de outubro).** A convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación para as especialidades de análise e química industrial (PES, 590102) e laboratorio (PTFP, 591208) non inclúe aos licenciados en Bioloxía. Reclámase en razón das funcións da profesión e da analoxía de coñecementos coas titulacións esixidas (Bioquímica, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias Ambientais).

**Concurso de traslados administración especial Xunta de Galicia (17 de outubro).** Remítese escrito ás organizacións sindicais presentes na mesa de negociación en relación cos postos de director-conservador de parque natural e de director de reserva de caza, excluídas da oferta, para que asuman a reivindicación do Colexio.

**Centro Superior de Hostelería de Galicia (9 de outubro).** A convocatoria para a elaboración de listas de agarda para o posto 2001-30010 Profesor/a hixiene, dietética e nutrición exclúe aos licenciados en Bioloxía. Na carta remitida lembrámoslle á Directora as funcións da profesión de biólogo. Na súa resposta do 22 de outubro, indica que buscan "formacións que, aínda que poidan ter certa afinidade, non sexan xeneralistas".

## Defensa da Profesión

### Setembro 2012

**Consellería de Sanidade (28 de setembro).** Escrito enviado lembrando a obrigatoriedade da colexiación para os licenciados en Bioloxía que, superado o proceso selectivo correspondente, inicien nos centros hospitalarios de Galicia o período de formación especializada (BIR) e aqueles que asinen contratos temporais con institucións sanitarias dependentes do SERGAS, en relación coa aplicación da Lei do Parlamento de Galicia 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación da Lei 11/2001, do 18 de setembro.

### Agosto 2012

**Estudo *Galemys pyrenaicus* (13 de agosto).** En relación á licitación mediante procedemento negociado do servizo para realizar o estudo desta especie na conca do río Ulla, diríxese escrito á Dirección Xeral de Conservación da Natureza no sentido de que, dada a natureza da licitación, non se considera necesaria a existencia dun delegado de obra e un responsable en seguridade e hixiene.

### Xuño 2012

**Máster Interuniversitario en Bioloxía Mariña (25 de xuño).** Remítense escritos ao Coordinador e Responsables nas universidades xa que na introdución ao borrador aparece a referencia á profesión de biólogo mariño, para indicarlles que tal profesión non existe e evitar polo tanto conducir a erro aos posibles alumnos que identifiquen inexactamente Máster en Bioloxía Mariña (titulación) con Biólogo Mariño

### Abril 2012

**Proxecto de Lei de Montes de Galicia (25 de abril).** Enviamos aos grupos parlamentarios da cámara galega unha enmenda relativa á definición de "técnico competente en materia forestal" para incluír nela a outros titulados universitarios con "competencias en sistemas e medios forestais" ademais dos enxeñeiros de montes e enxeñeiros técnicos forestais. O Grupo dos Socialistas e o do BNG do Parlamento de Galicia recolleron a nosa proposta e engadírona ás súas.

### Febreiro 2012

**Estrutura orgánica Consellería do Medio Rural e do Mar (16 de febreiro).** A Xunta de Goberno acorda interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o Decreto 46/2012, de 19 de xaneiro, da Consellería do Medio Rural e do Mar, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria, publicado no DOG do 24 de xaneiro de 2012. Tamén o 6 de marzo preséntanse alegacións ao mesmo Decreto 46/2012. No seu artigo 4.3.3. defínese un Servizo de Inspección Veterinaria, ao que se atribúen funcións administrativas que exceden notablemente o esperado de tal denominación, solicitando



## Defensa da Profesión

a modificación da norma para garantir o acceso dos titulados en Bioloxía aos postos de traballo que se deriven desta estrutura orgánica.

**Sentenza favorable en produtos fitosanitarios.** No seu día o Colexio interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra a Orde conxunta das Consellerías de Medio Rural e de Sanidade de 14 de abril de 2009, que regula a formación das persoas que realizan actividades de manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios, xa que no seu artigo 7 non figuraba a Bioloxía como unha das titulacións a posuír polos docentes dos cursos de manipulador-aplicador. A Sección 1 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza 00175/2012, do 8 de febreiro de 2012 estima o noso recurso e en consecuencia anula o artigo citado “en cuanto excluye la titulación de Biología, declarando que debe incluirse la misma entre las que ha de poseer el personal docente de los cursos de manipulador-aplicador de productos fitosanitarios”. Contra este fallo cabe aínda a posibilidade de que a Administración demandada formule recurso de casación ordinario ante o Tribunal Supremo, feito que coñeceremos en poucos días. En caso de non producirse esta demanda, xa queda aberto inmediatamente para os biólogos outro nicho de emprego na formación de persoal que pode manipular e aplicar os produtos fitosanitarios.

## Accións de defensa 2011

### novembro 2011

**Lei de Acompañamento aos orzamentos (28 de novembro).** En relación ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas ("Lei de Acompañamento"), sometida a debate no Parlamento de Galicia, e vistas as modificacións normativas que introduce en ámbitos relacionados coa actividade profesional dos biólogos e especialmente en materia ambiental, o COBGA dirixíuse aos Grupos Parlamentarios manifestando a súa preocupación polas repercusións que terían a modificación do artigo 5 da Lei de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia e do artigo 5 da Lei de Protección Ambiental de Galicia, en termos de conservación de especies e hábitats e na xeración de traballo de consultoría e asesoría ambiental. O Colexio proponlles aos Grupos da Cámara do Hórreo unha verdadeira revisión da lei utilizando os mecanismos de participación cidadán e da normal práctica lexislativa en lugar do sistema empregado.

**Dirección Xeral da Función Pública (21 de novembro).** A proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas persiste no tratamento desigual con relación a outras escalas ou corpos da Administración Especial. Por esta razón, envíase un escrito sinalando aquelas prazas que deberan estar accesibles para os biólogos na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia e nas Xefaturas de Sección Ambiental.



## Defensa da Profesión

### outubro 2011

**Centro Tecnolóxico da Carne (31 de outubro).** A convocatoria para a contratación dun Técnico/a de Transferencia Tecnolóxica (concurso de méritos), para a realización do servizo "Ampliación do campo de actividade mediante a diversificación do catálogo de servizos", non inclúe aos titulados en Bioloxía. Envíaselle escrito ao Director Xerente solicitándolle que modifique as bases da convocatoria nese sentido.

### setembro 2011

**Recursos contenciosos (22 de setembro).** A petición da Comisión de Asuntos Laborais, reunida o 15 de setembro, interpóñense recursos contra o Decreto 150/2011, do 21 de xullo da Consellería do Mar, contra a Resolución do 22 de xullo de 2011 da Consellería de Facenda e contra a Orde do 22 de xullo de 2011, da Consellería de Facenda. Todos eles están relacionados coa creación do Servizo de Inspección Veterinaria na Subdirección Xeral de Gardacostas na Consellería do Mar.

**Director Xeral de Función Pública (21 de setembro).** Enviúselle unha pregunta sobre o estado de tramitación do Borrador do Decreto dos Servizos Veterinarios de Galicia e as súas funcións, sobre o que se lle presentaran alegacións en setembro do 2010 e non recibimos resposta. Tamén se lle propón a promoción dun Decreto común polo que se regule a Administración especial da Xunta de Galicia para todas as profesións.

**Novas especialidades sanitarias (19 de setembro).** Envíanse ao Consejo General de Colegios de Biólogos as alegacións ao proxecto de Real Decreto de creación de novas especialidades (Xenética Humana entre elas) e ao proxecto de Real Decreto por el que se regula a incorporación de criterios de troncalidade en la formación de determinadas especialidades en Ciencias de la Salud; elaboradas pola Comisión de Sanidad, reunida o 16 de setembro. O CGCOBs xa redactou as alegacións correspondentes.

### agosto 2011

**Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios (5 de agosto).** A convocatoria para a selección de persoal temporal dunha praza de facultativo investigador para a Unidade de Radiofármacos PET de Galicia establece como requisito ter o título de licenciado ou doutor en Medicina, de xeito que se lle enviou escrito á Directora-Xerente preguntando polas competencias da actividade que fan que os biólogos non estean capacitados para desempeñala, sendo que a Oncoloxía Molecular é un dos campos típicos da profesión. Segundo a resposta recibida o 6 de setembro, "a orientación de tipo clínico-terapéutico da investigación aconsella que se incline por un profesional con formación médica, por considerar que para un proxecto de esta índole ofrece unha maior flexibilidade e posibilidade de adaptación ás necesidades da problemática que vaian surxindo no seu desenvolvemento".





## Defensa da Profesión

### maio 2011

**Instituto Enerxético de Galicia (4 de maio).** O proceso de selección dun técnico superior para o proxecto europeo “Eficiencia, coxeración e xestión enerxética no sector servizos”, que incluía en principio nas súas bases a titulación de Bioloxía entre outras, sufríu unha corrección de erros posterior que a eliminaba, de maneira que se interpuxo recurso de alzada contra dita corrección de erros da Resolución do INEGA de 21 de febreiro.

### abril 2011

**Deputación Provincial de Pontevedra (29 de abril).** A convocatoria dunha bolsa de licenciado en Ciencias Biolóxicas con destino á Finca Mouriscade establece que a selección do bolseiro/a efectuarase mediante a celebración dunha Entrevista Persoal. Envióuselle escrito ao Sr. Presidente, sinalando que a entrevista non é un sistema de selección e o seu contido vulnera os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

**Deputación de Pontevedra (13 de abril).** Interposto recurso de reposición contra a convocatoria de dúas bolsas dirixidas a enxeñeiros técnicos agrícolas para tarefas de investigación e colaboración, co fin de mellorar e prestar asistencia técnica, reforzar o asesoramento en materia de viticultura e horta, das plantacións de viñedos e cultivos da provincia de Pontevedra, publicada no BOP do 22 de marzo. Na base primeira exclúese a titulación de Bioloxía.

**Consellería do Medio Rural (8 de abril).** A Xunta de Goberno adopta o acordo de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a Orde do 25 de marzo de 2011 de convocatoria de bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, que exclúe aos titulados en Bioloxía.

### marzo 2011

**Complexo Hospitalario de Pontevedra (4 de marzo).** A convocatoria dunha praza de Facultativo Especialista de Área de Microbioloxía (vinculación temporal) ignora que xa existen os títulos de Especialista para Biólogos, Químicos e Bioquímicos, esixindo "acreditar a súa formación na especialidade mediante diploma expedido pola correspondente escola de especialización ou formación completa como biólogo interno residente", polo que se lle envía escrito ao Xerente Xeral lembrándolle o que indica o Real Decreto 1163/2002. No mesmo sentido tamén se escribe á Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

**Certificados de profesionalidade da familia profesional “Imaxe persoal” (4 de marzo).** No BOE dese día publícase a sentenza do Tribunal Supremo pola que se declara a nulidade do apartado IV do anexo I do Real Decreto 1379/2009, de 28 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia

## Defensa da Profesión

profesional “Imaxe persoal”. O recurso foi presentado polo Consello Xeral de Colexios de Biólogos, por indicación do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Nel estímase parcialmente, no relativo ao módulo formativo “Hixiene e Asepsia aplicados á Perruquería”, en canto exclúe da «titulación requirida como docente» ao Licenciado en Ciencias Biolóxicas. [\[ver BOE\]](#).

### febreiro 2011

**Especialidade de operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios (15 de febreiro).** Escrito enviado ao Director Xeral de Centros e RRHH da Consellería de Educación, xa que no Anuncio de apertura de prazo de solicitude de prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores técnicos de FP non se inclúe a titulación de Bioloxía.

### xaneiro 2011

**Centro de Investigación Forestal de Lourizán (5 de xaneiro).** Envióuselle un escrito ao conselleiro do Medio Rural solicitando a inclusión dos biólogos na convocatoria de bolsas de apoio de formación en tarefas de investigación de titulados superiores no campo de investigación de mellora xenética forestal, segundo a Orde do 28 de decembro de 2010 publicada no DOG do 4 de xaneiro de 2011.

## Accións de defensa 2010

### novembro 2010

**Consellería do Mar (23 de novembro).** O secretario xeral da Consellería do Mar recibíunos o martes 23, ás 12:00 horas, para tratar asuntos vencellados á Relación de Postos de Traballo (RPT) da Consellería do Mar.

**Servizo de Promoción do Emprego (15 de novembro).** O baremo de expertos-docentes da convocatoria de decembro de 2010 dos programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento (Orde do 18 de marzo de 2010; DOG do 26/III/10) exclúe aos licenciados en Bioloxía en diversas especialidades: Traballo Forestal, Xardinería, Agricultura Ecolóxica. Envióuse a correspondente reclamación ao Director.

**Especialidades Sanitarias (9 de novembro).** O Consello Xeral de Colexios de Biólogos interpuxo no seu día un recurso contencioso-administrativo en contra do Real Decreto 183/2008, reivindicando a creación de especialidades como as de Xenética Humana, Reprodución Humana Asistida, Nutrición e Dietética, Saúde Pública e Investigación Biosanitaria. O Tribunal Supremo admitíu a proba documental solicitada polo Consello, de maneira que o COBGA enviou escrito a institucións sanitarias, clínicas privadas e aos reitores das universidades galegas para interesarse polo número



## Defensa da Profesión

de biólogos que exercen a súa actividade neses ámbitos. O Consello remitirá esta información ao procurador para entregala no Tribunal.

### outubro 2010

**Fundación CETAL (26 de outubro).** Enviouse un escrito solicitando a inclusión dos biólogos na convocatoria dun técnico de apoio no proxecto "Control biolóxico de la podredumbre blanca radicular causada por especies del género Armillaria en viñedos de Galicia". A titulación que se indica para os candidatos é exclusivamente a de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

**Xornada técnica "Colexios profesionais, adaptación á Directiva Europea de Servizos" (22 de outubro, Santiago).** Organizada pola Unión Profesional de Galicia, nela interviu a Decana como moderadora dunha mesa redonda sobre o Real Decreto de visado colexial obrigatorio, na que participou Ignacio Apilánez, do Colexio de Biólogos de Asturias. [\[ver noticia\]](#).

### setembro 2010

**Director Xeral da Función Pública (13 de setembro).** Envíanselle as alegacións relativas ao borrador de Decreto dos Servizos Veterinarios de Galicia e das súas funcións: sobre a confusión entre competencias da administración veterinaria e funcións da profesión de veterinario, sobre a formación que reciben os veterinarios e as funcións que lles atribúe o Decreto e sobre a probable inseguridade xurídica que ocasionaría a súa aplicación.

### agosto 2010

**Consellería de Sanidade (20 de agosto).** Dado que no informe do Plan Estratéxico do SERGAS publicado na súa web ignórase completamente a participación da Decana do COBGA na elaboración do Plan, remíteselle escrito alusivo lamentando este feito. O 15 de setembro recibíuse unha carta de desculpa comunicando a modificación do documento.

### xullo 2010

**Director de Área Sanitaria de Ferrol (19 de xullo).** Escrito para lembrarlle que para os biólogos existe tamén o título de Especialista a partir da publicación do R. D. 1163/2002, de creación das especialidades sanitarias para químicos, biólogos e bioquímicos e polo tanto non procede que "acrediten a súa formación na especialidade mediante diploma expedido pola correspondente escola de especialización ou formación completa...".



## Defensa da Profesión

### xuño 2010

**Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade (9 de xuño).** Enviadas alegacións para a modificación do artigo 3 da Lei 11/2001, de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado pola Lei 1/2010, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior.

### maio 2010

**Xornada técnica “Colexios profesionais: novos retos” (21 de maio, Santiago).** Participou a Decana do Colexio cun relatorio titulado "A colexiación: o caso do COBGA", no que se revisaba o marco legal existente na actualidade e se analizaba o exemplo concreto da profesión de biólogo dende o punto de vista do interese xeral, expoñéndoo como un estudo de caso. [\[descargar pdf\]](#).

**Real Decreto sobre obrigacións de visado colexial de traballos profesionais (21 de maio).** O anteproxecto do Goberno (consecuencia da previsión contemplada na Lei Ómnibus) determina dez tipos de traballos profesionais de visado obrigatorio nos seguintes ámbitos: edificación; voladuras e demolicións de edificios; fabricación e venda de explosivos, cartuchería e pirotecnia; recursos mineiros; instalación de infraestruturas de telecomunicación. Agás nestes casos, o visado pasará a ser voluntario e a solicitude do cliente. Ademais, o profesional que asine un traballo que deba ser obrigatoriamente visado poderá dirixirse a calquera colexio competente por razón da materia á que se refira dito traballo. O **Consello Xeral de Colexios de Biólogos** enviou as súas alegacións (resultado da colaboración dos colexios territoriais) á Administración competente: ningún dos traballos está relacionado co medio ambiente, descoñecendo que o seu mal estado inflúe de maneira directa sobre a saúde das persoas, concepto que forma parte da súa seguridade e integridade física, e especificando 69 tipoloxías de memorias relacionadas co medio e que realizan biólogos que deberían ser de visado obrigatorio. Tampouco están contemplados os traballos relacionados coa seguridade alimentaria e tamén se solicita que sexan incluídos. Así mesmo pídese a eliminación do artigo do anteproxecto que prevé que un colexio vise un proxecto cuxo autor é un non colexiado. O COBGA tamén está traballando a través da **Unión Profesional de Galicia** para recurrir esta norma así como outros aspectos da Lei Ómnibus.

**Consellería do Medio Rural (21 de maio).** Acórdase interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a convocatoria de bolsas de formación de tecnólogos e bolsas de prácticas para recién titulados que xa fora obxecto dun recurso potestativo de reposición presentado o 12 de abril.

**Concello de Pontevedra (21 de maio).** Acórdase interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as bases específicas das prazas de Técnico en Medio Ambiente e Técnico en Medio Ambiente Natural da oferta de emprego público de 2008, que



## Defensa da Profesión

excluían aos biólogos da titulación requirida e que xa foran obxecto de recurso potestativo de reposición o 9 de marzo.

**Director de Área Sanitaria de Ferrol (20 de maio).** Na convocatoria do posto de Xefe de Servizo de Microbioloxía especificábase: "Título de Licenciado en Medicina e Cirurxía co título de especialista correspondente ao servizo ao que se opta". Remítese escrito lembrando que o Real Decreto 1163/2002 dispón no seu anexo que tamén os licenciados en Bioloxía poderán acceder á devandita especialidade. A convocatoria foi modificada no sentido indicado.

**Director Xeral de Recursos Humanos do SERGAS (18 de maio).** Envióuselle escrito para que nas convocatorias de prazas de Técnico Especialista de Laboratorio se contemple como mérito valorable a posesión do título de Licenciado en Bioloxía.

**TRAGSA/TRAGSATEC (7 de maio).** Enviado escrito en relación coa oferta dun posto de Licenciado/a en Ciencias do Mar na Coruña para "incorporarse al equipo encargado del estudio y desarrollo de mejoras en los trabajos realizados en reservas marinas", para modificar as bases da convocatoria no sentido de incluír aos Licenciados en Bioloxía.

### abril 2010

**Consellería do Medio Rural (12 de abril).** Recurso potestativo de reposición contra a convocatoria de bolsas de formación de tecnólogos e bolsas de prácticas para recién titulados, xa que, agás as 35 bolsas de prácticas en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario, no resto de casos omítese a titulación de Bioloxía.

### marzo 2010

**Entrevista co director xeral de Función Pública (10 de marzo).** Fixéronse reivindicacións relativas ás RPTs das consellerías.

**Deputación Provincial de Pontevedra (10 de marzo).** Envióuselle un escrito relativo á convocatoria dunha bolsa da Estación Fitopatolóxica do Areeiro destinada en exclusiva a enxeñeiros técnicos agrícolas ou forestais.

**Concello de Pontevedra (9 de marzo).** Recurso potestativo de reposición contra as bases específicas das prazas de Técnico en Medio Ambiente e Técnico en Medio Ambiente Natural da oferta de emprego público de 2008, que excluían aos biólogos da titulación requirida.

**Mobilizacións en defensa da ciencia en España (6 de marzo).** O Colexio adheriuse ao manifesto proposto polas entidades e colectivos que convocaron a manifestación celebrada en Madrid baixo o lema "Por la dignidad en la investigación".



## Defensa da Profesión

### febreiro 2010

**Plan Estratéxico do Sergas (25 de febreiro).** Enviouse un escrito á Conselleira de Sanidade con motivo de que o COBGA non fose convidado á reunión celebrada o 22 de febreiro para a elaboración do devandito plan. O Colexio foi convocado posteriormente polo director da FEGAS a outra xuntanza celebrada o 11 de marzo, á que asistiu a decana.

**Entrevista co conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria (23 de febreiro).** Fixéronse reivindicacións relacionadas co ensino universitario e non universitario. Solicitouse:

- redución da lista de interinos grazas a unha oferta de prazas compensada.
- ser informados dos aspectos relacionados coa carreira docente de ensino medio.
- posta en marcha dun protocolo de consultas sobre os currículos das nosas especialidades.
- unha reflexión conxunta sobre o peso das optativas do bacharelato na selectividade.
- que as materias sexan impartidas polas especialidades máis axeitadas.
- unha política de bolsas axeitada para a mobilidade do alumnado, que precisa o modelo do Practicum nos novos Graos.
- unha proposta de colaboración en temas de interese común: participación no deseño e posta en marcha dos plans de formación do profesorado, así como de cursos de actualización de coñecementos biolóxicos sobre temas como incendios forestais, enxeñaría xenética, bioloxía molecular...
- procedemento de homologación máis rápido e sinxelo dos cursos de formación para oposicións.
- cursos para colexiados en paro e alumnos sobre itinerarios profesionais e ferramentas de inserción no mundo laboral...

**Entrevista (solicitada) co secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (12 de febreiro).** A reunión tivo lugar coa subdirectora de Persoal e Xestión Económica, á que se lle fixeron reivindicacións relacionadas coa RPT da Consellería.

### xaneiro 2010

**Entrevista co secretario xeral da Consellería do Mar (21 de xaneiro).** Fixéronse propostas vencelladas á RPT da Consellería: cambios na titulación requirida nalgúns postos de traballo, igualar o nivel base de todas as prazas deste corpo ao nivel 24, catalogar determinadas prazas para a escala de biólogos, recoñecer o dereito a compensar horas traballadas fóra do horario normal, abrir as prazas de nova creación para veterinarios como prazas de inspección de sanidade animal e seguridade alimentaria, ofrecer en comisión aos funcionarios de carreira as prazas que se van creando...



Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia

## Defensa da Profesión

**Corpo facultativo superior Escala de Enxeñeiros de Montes (21 de xaneiro).** Acórdase interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Facenda, na que se convocaba elección de destino provisional para os aspirantes que tiñan superado o proceso selectivo. Solicitouse a medida cautelar de suspensión da adxudicación da praza de Xefe da Sección de Biodiversidade dos Servizos Periféricos de Lugo.